

Con data do 17 de marzo de 2010 aprobouse a orde pola que se determina o importe máximo das axudas que se poderán outorgar no exercicio orzamentario de 2010 ao abeiro do Plan de Vivenda 2005-2008 regulado polo Real decreto 801/2005, do 1 de xullo, e polo Decreto 18/2006, do 26 de xaneiro.

Co fin de engadir unha nova aplicación orzamentaria e ampliar outra xa regulada, faise necesaria a aprobación desta orde.

O Decreto 79/2009, do 19 de abril, polo que se estableceu a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, suprimiu a Consellería de Vivenda e Solo. A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas asumiu as competencias en materia de vivenda e solo en virtude do Decreto 316/2009, do 4 de xuño, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

Por todo o anterior, e en virtude das competencias que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e do Decreto 316/2009, do 4 de xuño, polo que se estableceu a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas,

DISPOÑO:

Artigo único.-Modifícase a Orde do 17 de marzo de 2010 pola que se determina o importe máximo das axudas que se poderán outorgar no exercicio orzamentario de 2010 ao abeiro do Plan de Vivenda 2005-2008 regulado polo Real decreto 801/2005, do 1 de xullo, e polo Decreto 18/2006, do 26 de xaneiro, no seguinte senso:

1. O punto 3 queda redactado co seguinte teor:

«A promoción de vivendas protexidas de nova construción destinadas a aluguer e de aloxamentos protexidos e urbanización de solo por parte de sociedades públicas locais atenderase con cargo á aplicación orzamentaria 07.90.451B.760.2 e cun importe máximo de 1.388.100 euros».

2. Engádese un punto 6 co seguinte texto:

«A promoción de vivendas protexidas de nova construción destinadas a aluguer e de aloxamentos protexidos e urbanización de solo por parte de sociedades públicas atenderase con cargo á aplicación orzamentaria 07.90.451B.741.0 e cun importe máximo de 2.301.600 euros».

Disposición derradeira

Única.-Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 2010.

Agustín Hernández Fernández de Rojas
Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio
e Infraestruturas

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

Orde do 14 de xuño de 2010 pola que se amplía o prazo de presentación de solicitudes das axudas previstas no anexo II da Orde do 14 de maio de 2010, pola que se establecen as bases reguladoras para o acceso a formación especializada en xestión da innovación dentro da Rede de Xestores de Innovación de Galicia (Xiga) e para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións ás pemes galegas para a contratación de persoal da Rede de Xestores de Innovación de Galicia (Xiga), e se procede á súa convocatoria para o ano 2010.

Mediante Orde do 14 de maio de 2010 (DOG nº 96, do 24 de maio), a Consellería de Economía e Industria establece as bases que regulan o acceso a formación especializada en xestión da innovación dentro da Rede de Xestores de Innovación de Galicia (Xiga) e para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións ás pemes galegas para a contratación de persoal da Rede de Xestores de Innovación de Galicia (Xiga), e se procede á súa convocatoria para o ano 2010.

Co obxecto de lograr unha maior eficacia da xestión do procedemento de concesión das subvencións que regula o anexo II desta orde, tendo en conta a complexidade da documentación que deberán achegar as empresas e o feito de que a incorporación dos xestores de innovación nelas non se vai producir ata o vindeiro mes de outubro, parece oportuna a ampliación do prazo de presentación de solicitudes establecido no seu artigo 2.5º.

Consecuentemente con todo o anterior, en exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo único.-Amplíase, ata o día 12 de xullo de 2010, o prazo de presentación de solicitudes reguladas no anexo II da Orde do 14 de maio de 2010, pola que se establecen as bases reguladoras para o acceso a formación especializada en xestión da innovación dentro da Rede de Xestores de Innovación de Galicia (Xiga) e para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións ás pemes galegas para a contratación de persoal da Rede de Xestores de Innovación de Galicia (Xiga), e se procede á súa convocatoria para o ano 2010 (DOG nº 96, do 24 de maio), e que corresponde ás subvencións a empresas para a contratación de persoal técnico especialista en xestión da innovación.

Disposicións derradeiras

Primeira.-*Habilitación para o desenvolvemento.*

Facúltase o director xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación para levar a cabo as actua-

cións que sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación desta orde.

Segunda.-*Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2010.

Javier Guerra Fernández
Conselleiro de Economía e Industria

Resolución do 10 de maio de 2010, da Secretaría Xeral da Consellería de Economía e Industria, pola que se dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos pola Consellería de Economía e Industria no primeiro cuadrimestre.

O artigo 11 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración

pública galega (DOG nº 136, do 14 de xuño) impón a cada consellería da Xunta de Galicia a obriga de publicar no *Diario Oficial de Galicia* unha relación dos convenios de colaboración subscritos no cuadrimestre anterior.

En consecuencia, e para dar cumprimento a esa obriga,

RESOLVO:

Dar publicidade á relación dos convenios subscritos pola Consellería de Economía e Industria nos meses de xaneiro, febreiro, marzo e abril do ano 2010, que se incorpora como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2010.

José Riesgo Boluda
Secretario xeral da Consellería
de Economía e Industria

ANEXO

Convenios de colaboración subscritos pola Consellería de Economía e Industria nos meses de xaneiro, febreiro, marzo e abril do ano 2010

Convenio	Data de sinatura
Convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e a Universidade da Coruña para a realización de probas sobre control de calidade dos hidrocarburos en Galicia.	19-1-2010
Convenio marco de colaboración entre o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e a Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia, para a realización de plans de mellora da calidade do servizo eléctrico, plans de control de tensión e de limpeza de marxes na Comunidade Autónoma de Galicia con cargo á tarifa 2008.	22-1-2010
Convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e a Cámara Oficial Mineira de Galicia para o desenvolvemento do rexistro catastral mineiro de Galicia.	1-3-2010
Convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e o Concello das Pontes de García Rodríguez para a redacción do proxecto para a actuación na zona de Rebardille.	4-3-2010
Convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e o Concello das Pontes de García Rodríguez para a redacción do proxecto para a dotación dun edificio multifuncional e mellora da zona urbana no contorno do mercado e do concello.	4-3-2010
Convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e o Concello das Pontes de García Rodríguez para a redacción do proxecto para a dotación de equipamento para servizo a pemes.	4-3-2010
Convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e o Concello das Pontes de García Rodríguez para a redacción do proxecto para a dotación de equipamentos e zona deportiva canle IV.	4-3-2010
Convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e o Concello das Pontes de García Rodríguez para a redacción do proxecto do museo da minaría.	4-3-2010
Convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e o Concello das Pontes de García Rodríguez para a redacción do proxecto do plano de mellora do polígono industrial dos Airós, nas Pontes de García Rodríguez.	4-3-2010
Convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e a <i>Fundación Jorge Jove</i> para a realización dunha publicación de todas as normas aplicables para os concursos de elegancia, autenticidade e conservación de vehículos históricos.	17-3-2010
Adenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia, <i>Alúmina Española, S.A.</i> e <i>Aluminio Español, S.A.</i> para dotar de infraestrutura gasista o autoabastecemento da planta.	23-3-2010
Protocolo xeral de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia e <i>Gas Galicia SDG, S.A.</i> para o desenvolvemento da gasificación de nove novos núcleos de poboación nas provincias da Coruña e Pontevedra.	9-4-2010
Acordo de coordinación entre a Consellería de Economía e Industria e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para establecer un marco de actuación no proceso de obtención de carnés profesionais.	9-4-2010
Convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia e as empresas <i>Gas Natural SDG, S.A., Barras Eléctricas Galaico-Asturias, S.A. (BEGASA), a Asociación de Produtores e Distribuidores de Enerxía de Galicia (APYDE), Endesa Distribución Eléctrica, S.L., Distribuidora Eléctrica de Catoira, S.A., Eléctrica de Valdriz S.L., Saltos del Cabrera, S.L., Electro Manzaneda, S.L., e Eléctrica de Alberguería, S.A.</i> , para a realización de plans de mellora da calidade do servizo eléctrico e plans de control de tensión na Comunidade Autónoma de Galicia. (Tarifa 2008).	30-3-2010
Convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia e a <i>Asociación Galega da Propiedade Balnearia</i> para o desenvolvemento do proceso de creación do clúster da auga de Galicia.	21-4-2010
Protocolo xeral de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia e a sociedade <i>Solid Mines España, S.A.U.</i> para desenvolver programas de investigación de recursos minerais de interese tecnolóxico e de formación de traballadores e traballadoras a empregar no seu futuro aproveitamento na Comunidade Autónoma de Galicia.	8-4-2010
Acordo interadministrativo entre o Instituto Galego de Promoción Económica -Igappe- e a Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia para financiar unha liña de compensación de xuros asociados ao financiamento obtido polas microempresas do sector do comercio polo miúdo.	29-1-2010
Convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e a Deputación Provincial de Pontevedra para o desenvolvemento dunha rede de dinamización, coordinación e mellora do comercio retailista.	10-3-2010
Acordo de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para a impartición de cursos de lingua inglesa e francesa para profesionais do sector do pequeno comercio retailista nas escolas oficiais de idiomas.	12-1-2010